



O PSdeG de Bóveda lémbrale ao alcalde que o encoro de Vilasouto segue “nunhas condicións preocupantes”

Os socialistas visitaron hoxe de novo a zona para comprobar o estado da auga e insistiron en que “só hai que ir ata alí para darse conta de que precisamos unha solución inmediata, máis aló dos plans previstos para dentro dun ano”

O PSdeG destaca “a desconfianza para usar a auga do grifo, co custo económico que loxicamente isto supón para os veciños e veciñas de Bóveda”

Representantes do PSdeG de Bóveda visitaron esta mañá de novo o encoro de Vilasouto, que abastece de auga ao Concello e, despois de ver o estado da auga, “dunha cor case vermella”, lémbbranlle ao alcalde que segue “nunhas condicións preocupantes” para os veciños e veciñas. “Só hai que ir ata alí para darse conta de que precisamos unha solución inmediata, máis aló dos plans previstos para dentro dun ano”, afirma a voceira socialista no municipio, Carmen Macía.

Macía lembra que o grupo socialista presentou o mes pasado nun pleno extraordinario a proposta de creación dunha comisión municipal para darlle “resposta urxente” á contaminación da auga do encoro de Vilasouto, despois de que a Confederación Hidrográfica cortase a subministración a varias parroquias de O Incio por non ser apta para o consumo, pero “foi rexeitada polo goberno do PP”. A socialista lamenta que “parece que a única solución que dan é a planta que se vai construír para dentro dun ano” e incide en que “mentres hai que poñer un remedio, e ten que ser agora, porque os veciños están preocupados neste momento, e seguen con desconfianza de abrir os grifos, co custo económico que loxicamente isto supón para os veciños e veciñas de Bóveda”.

Adxuntamos fotografía do estado da auga do encoro hoxe